

## A CASA DO MUIÑEIRO

O cuarto de baño da nova casa era moi acolledor. Nel había un gran lavabo branco sostido por unha columna de mármore. As billas tiñan forma de serpe coa boca entre aberta.

O comedor era un gran salón con amplas ventás. Nun lado destacaba unha fermosa cheminea de pedra. No lado oposto un piano de cola.

Na parte posterior da casa estaba o xardín. No medio del había un gran dispensador que botaba auga do ceo e caía en cascada. Todo isto estaba cuberto de céspede moi fino.



Contesta:

1.- De que fala o texto?

- Do cuarto de baño da casa do muiñeiro.
- Do xardín da casa.
- Da cheminea.
- Da casa do muiñeiro.

2.- Como era o lavabo do cuarto de baño?

- Acolledor.
- Branco.
- Branco e rosa.
- Branco con forma de serpe.



3.- Onde estaba o xardín?

- Na parte dianteira da casa.
- Na parte traseira da casa.
- Non ten xardín.
- No patio interior.

4.- Como botaba auga o dispensador?

- Fría e en cascada.
- Temperada e salpicando.
- Ao ceo e en cascada.
- A chorros.



5.- De que se fala no segundo parágrafo?

- Da casa.
- Do comedor.
- Do xardín.
- Do cuarto de baño.

6.- Con que adxectivo se define ao cuarto de baño?



7.- Onde está situado o piano de cola?

Ao lado da cheminea

En fronte da cheminea

No lado oposto das ventás

Ao lado das ventás

8.- De que partes da casa non se fala na lectura?

Do segundo baño

Da cociña e dos dormitorios

Da cociña e do salón

Do faio, da cociña e das habitacións

Do corredor e do garaxe

